



APOIO A FAMILIAS AFECTADAS POLO COVID-19

O Sr. Alcalde do Concello de Barro, D. **Xosé Manuel Fernández Abraldes, FAI**
SABER:

Diante da situación sanitaria que estamos a vivir e a proliferación de casos nos concellos da nosa controna, aínda que as autoridades sanitarias non nos informan dos casos existentes no noso municipio, mais que a publicación en prensa dos casos dos centros escolares, sabemos de maneira extraoficial de persoas/familias de Barro afectadas ou ben por contaxios ou corentenas preventivas.

Dende o Concello **ofrecemos toda a nosa colaboración para axudar as persoas ou familias afectadas**, ao igual que se leva facendo dende mediados de marzo, momento no que se declarou a pandemia. Para **solicitar calquera tipo de axuda** poderán poñerse en contacto telefónico cos números **986 711 002** (oficinas) / **686 938 785** (Protección Civil) ou enviando un correo electrónico a **oficinas@barro.gal**.

Quero lembrar a toda a veciñanza que é necesario estreimar as medidas de prevención para evitar a proliferación de contaxios, restrinxir ao máximo a actividade social, estreimar as medidas sanitarias (uso mascarillas, lavado de máns e distanciamento social).

Estamos en contacto permanente co Centro de saúde e cos centros educativos, cos que colaboramos en todo o que nos solicitan e igualmente seguimos estando a disposición, como fixemos sempre, das autoridades sanitarias para levar a cabo todas aquelas actuacións nas que o concello poida colaborar para reducir a pandemia.

Barro a 30 de setembro de 2020.

O ALCALDE,

Asdo. *Xosé Manuel Fernández Abraldes.*

